

Número 15 - Ano 2025

ACTA

da sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

29 de decembro de 2025

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e dezanove minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil vinte e cinco; baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Institucionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos; DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Ilmo. Sr. tenente de alcalde delegado da Área de Urbanismo e Deportes e Xuventude; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, concelleira delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, concelleiro delegado de Movementsos Migratorios; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, concelleiro delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DONA IRIA BUIDE PENA, concelleira delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído o presidente.

Dá fe do acto a secretaria xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

Esta sesión foi convocada por resolución da Alcaldía do 22 de decembro de 2025 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación para levar a cabo o

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac5588497186885036139.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 29-12-2025 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO, previsto no Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo (ROMP), no seu artigo 114.

Aberto o acto pola Presidencia, e da súa orde, éntrase no referido debate, producíndose as seguintes intervencións:

EXCMO. SR. ALCALDE: Ben, bo día a todos e a todas. Desculpade este problema técnico que tivemos. Dúas consideracións previas antes de empezar.

Por unha cuestión técnica temos que activar cada un de nós o micro cada vez que falemos. Sabedes que ata o de agora solicitabades a palabra e activábase desde aquí, ben, pois hoxe é ó revés. No momento que pulsedes o micro -en realidade somos catro persoas as que temos...- nese momento empeza a correr o tempo e xa está, non se necesita outra cousa. E despois como é un pleno diferente, é dicir, ten unha mecánica en canto a tempos, intervencións diferentes, case lle vou pasar a palabra en primeiro lugar á secretaria, que nos diga exactamente como vai discorrer e despois xa comezamos se vos parece.

DONA ANA MARÍA RIVAS GARCÍA: Moi ben, bo día! Como di o alcalde, como xa saben todos vostedes, estamos a falar do Pleno no que se debate o estado do Concello. Ten unha regulación específica no artigo 114 do noso regulamento orgánico. A primeira exposición sobre a situación xeral do Concello e o establecemento ou a indicación das liñas maestras da súa acción de Goberno, para o señor alcalde, sen límite de tempo, e unha vez remate se iniciará unha primeira quenda por parte dos distintos voceiros dos distintos grupos municipais, que durará 15 minutos cada unha delas. Existe a posibilidade de realizar unha segunda quenda, nese caso de 10 minutos, igualmente para os voceiros dos distintos grupos nos dous casos, iniciándose por orden inversa á importancia do número de votos obtidos nas derradeiras eleccións. E finalmente pechará este Pleno unha intervención do señor alcalde presidente. A a única consideración, que tamén todos vostedes saben, é a peculiaridade desta sesión plenaria que non se vai adoptar ningún acordo.

EXCMO. SR. ALCALDE: Pois moi bo día de novo.

Comparezo hoxe neste Pleno do estado da cidade para facer balance dun ano intenso, complexo, profundamente significativo para Lugo e para este Goberno. Un ano no que non só seguimos consolidando un modelo de cidade, senón que demostramos que Lugo ten un proxecto compartido, unha folia de ruta clara e un equipo capaz de manter o rumbo mesmo nas circunstancias tan difíciles que, como saben, atravesamos. Este último ano, como saben tamén, estivo marcado por feitos trágicos que nunca deberían ter ocorrido. A perda de Paula Alvarelos como persoa e como alcaldesa supuxo un golpe humano, político e institucional de enorme magnitude. O mesmo que a do noso compañeiro Pablo, concelleiro comprometido e moi querido, que deixou unha fonda pegada no Goberno e na vida municipal. Foron

momentos que nos obrigaron a parar, a recompoñer-nós e asumir unha responsabilidade aínda maior con esta cidade. E quero dicilo con claridade: Lugo soubo sobrepoñerse porque había un proxecto compartido e unha folla de ruta sólida, pero tamén porque este equipo decidiu actuar con serenidade, con compromiso, con sentido da responsabilidade. Mantivemos o legado, asumimos o momento que nos tocou vivir e tomamos decisións para que a cidade non perdesse nin tempo nin oportunidades. O resultado foi que o proxecto non se detivo, ao contrario, seguiu avanzando e materializándose, e os resultados poden verse hoxe na rúa, nos barrios, nas parroquias, nos servizos públicos e na vida cotiá da cidadanía. Lugo avanza porque hai planificación, porque hai coherencia, e porque hai unha maneira de gobernar baseada no traballo constante, lonxe do ruído e das estridencias, e sempre preto da xente. E quero comezar poñendo en valor algo que moitas veces non ocupa titulares, pero é que é esencial para entender o funcionamento da cidade, como é o traballo silencioso diario e imprescindible que se realiza dende o Concello, especialmente no ámbito social, un labor que en moitos casos implica asumir competencias que non lle corresponde legalmente a Administración local, pero que asumimos por responsabilidade, por compromiso coa veciñanza e porque non entendemos outra forma de gobernar. Falamos de recursos económicos importantes destinados a garantir a atención social, coidados, acompañamento e igualdade de oportunidades. Pero falamos sobre todo tamén dun enorme esforzo humano do persoal municipal que sostén estes servizos con profesionalidade e vocación, sabendo que cada euro e cada hora dedicada a esta tarefa é unha decisión consciente que suma dignidade, cohesión e xustiza social á cidade. Este é o punto de partida do balance que hoxe traemos aquí. Un Lugo que non se resigna, que consolida un modelo de cidade pensado a medio e longo prazo, que se sobrepón ás dificultades e que segue avanzando con responsabilidade, sempre coas persoas no centro e coa mirada posta no futuro. Así que a partir de aquí explicarei como este proxecto de cidade se concreta nun urbanismo que xera oportunidades, nun modelo urbano máis humano e verde, nuns servizos públicos que funcionan, nunha cidade máis conectada, nun casco histórico vivo, nuns barrios que deben ser o noso centro de atención, nun rural atendido e nun Lugo que medra, crea emprego e proxéctase con confianza cara ao futuro.

Así, un dos piares fundamentais do proxecto de cidade que estamos a consolidar é o urbanismo, entendido como ferramenta de desenvolvemento económico, de creación de oportunidades e de planificación responsable do crecemento. Lugo conta hoxe cun marco urbanístico sólido, cuns instrumentos de planificación claros e coa capacidade necesaria para medrar de maneira equilibrada e sostible. Falamos dunha cidade que pode medrar cara ao leste, cara ao oeste, cara a todos os catro puntos cardinais, cunha visión global e sen improvisacións. Un crecemento pensado a medio e longo prazo que ofrece seguridade xurídica que xera confianza e que permite atraer investimento, ó tempo que facilita que moitas persoas, especialmente os máis xoves, poidan desenvolver aquí o seu proxecto vital. Neste contexto, qué dúbida cabe, a vivenda ocupa un lugar central. Sabemos que sen acceso á vivenda non hai retorno de xente nova, nin estabilidade social nin futuro posible, por iso neste último ano tomamos a decisión de achegar solucións,

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac5588497186885036139.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 29-12-2025 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

seguimos impulsando a vivenda pública e accesible e facendo avanzar o plan municipal de vivenda como unha ferramenta clave para responder a unha das principais preocupacións da cidadanía. Un plan que aposta pola rehabilitación, pola novo construción, e por qué non tamén pola colaboración con outras administracións. O urbanismo é tamén só para a actividade económica, para a implantación de empresas e para a creación de emprego estable e de calidade. Lugo é hoxe unha cidade preparada para acoller novos proxectos, porque conta con planificación, con solo dispoñible e cun modelo claro de desenvolvemento que xera confianza. E teño que dicir que neste último ano houbo, seguramente con erros, como en toda a actividade humana, pero houbo sen dúbida traballo constante, coordinación técnica e decisións que permitiron seguir avanzando nesta liña. Un urbanismo ao servizo da cidade, das persoas e da economía, que reforza as bases dun Lugo con máis oportunidades e con capacidade real para seguir medrando.

Por outra banda, grazas á nosa xestión, e falando dun modelo de cidade verde, humana e conectada, Lugo está en boca de todo o país, e isto é porque consolidamos un modelo de cidade que se vive no día a día, unha cidade máis humana na que as persoas recuperan espazo, tempo e calidade de vida e na que o espazo público volve ser lugar de encontro, de convivencia e de relación entre xeracións. Hoxe a cidadanía goza xa plenamente dunha nova realidade no centro urbano, un centro pensado para estar, para pasear e para compartir, no que a vida cotiá gaña protagonismo e no que a convivencia se reforza. Esa transformación ten efectos ben visibles, máis presenza de persoas nas rúas, máis actividade cotiá e unha maneira diferente de vivir e de compartir o espazo público. Este modelo humano esténdese máis aló do centro e conecta con todos e cada un dos barrios e coa identidade verde de Lugo, unha identidade singular que se expresa no anillo natural continuo que une o Miño e o Rato e que converte á nosa cidade nun caso único, a única capital integrada nunha reserva da biosfera. Non se trata só de espazos naturais, senón dunha infraestrutura verde que achega saúde, lecer e benestar e que forma parte da vida cotiá da cidadanía. A conexión entre o Miño e o Rato consolida pois unha maneira de entender a cidade que integra territorio e urbanismo, natureza e vida urbana. Un modelo que aposta por unha mobilidade máis amable, por percorridos accesibles e por unha relación equilibrada coa contorna natural, facendo de Lugo unha cidade máis sostible e máis agradable para vivir. Esta actuación, impulsado a demanda da Confederación Hidrográfica Miño Sil, da resposta a unha demanda histórica da veciñanza largamente reclamada ao longo de moitos anos. Un proxecto moi esperado e que é froito do traballo, da planificación e da colaboración institucional e que permite saldar unha débeda pendente coa cidade, integrando plenamente estes espazos naturais na vida urbana. Neste mesmo marco a renaturalización de determinados espazos urbanos é unha peza máis dun proxecto coherente e compartido. Un exemplo claro, e a transformación da Avenida de Madrid, xa finalizada, que se converte nunha conexión fundamental entre o cinto verde e o centro urbano. A actuación que permitiu avanzar na humanización dun dos principais accesos á cidade, reforzando a súa función como corredor verde e como porta de entrada a un Lugo máis

sostible. A intervención incluíu a plantación de máis dun cento de árbores de gran porte, a creación de novas zonas verdes e a mellora dos sistemas de rego e drenaxe, contribuíndo a xerar sombra, reducir o efecto illa de calor e mellorar a calidade ambiental dunha avenida emblemática. Trátase dunha actuación que vai máis aló do estético, reforzando a resiliencia urbana fronte ao cambio climático, completando un corredor arbóreo continuo desde o cinto verde ata o centro histórico. Este é o exemplo da cidade que estamos a construír.

En definitiva, Lugo avanza cara a un modelo de cidade verde e humana, non desde a teoría senón desde a experiencia diaria da xente, un modelo que xa se vive, que se percibe e que está a cambiar a maneira de evitar e compartir a cidade. Pero un modelo de cidade só é crible se se sostén no día a día, por iso xunto ás transformacións urbanas e os grandes proxectos, este Goberno ten posto o foco en garantir uns servizos públicos eficaces, próximos, ben dimensionados, de calidade, capaces de dar resposta ás necesidades reais da cidadanía. Lugo é hoxe unha cidade que funciona no cotidiano, unha cidade na que os servizos responden, na que a Administración está presente e na que existe capacidade de reacción ante as incidencias que afectan á vida diaria. Ese funcionamento non é casual, senón o resultado dunha organización, planificación e traballo constantes. Neste sentido a posta en marcha do “Plan Áxil”, xa plenamente operativo, responde a unha idea moi clara: mellorar a atención ás pequenas demandas do día a día que teñen un impacto directo na calidade de vida da veciñanza, incidencias sinxelas pero importantes, como arranxo dun banco, dunha farola, dunha beirarrúa, que moitas veces son o que máis valoran as persoas porque afectan o seu entorno máis inmediato e melloran a súa seguridade e o seu confort. O “Plan Áxil” nace precisamente para dar unha resposta máis rápida e coordinada a este tipo de cuestións, reforzando a capacidade da actuación do Concello no cotián e mellorando a percepción dunha administración próxima, útil e presente. Non se trata, nin moito menos, de substituír a outras políticas nin outras áreas, senón de completar o seu traballo e de poñer o foco nesas pequenas cousas que fan que unha cidade funcione mellor.

A calidade dos servizos tamén se reflicte en ámbitos tan esenciais como a limpeza urbana e a recollida de residuos, servizos nos que non só melloraron de maneira continua, senón que foron recoñecidos repetidamente en distintos foros a nivel estatal, avalando un modelo de xestión que aposta pola excelencia, pola planificación e polo cumprimento de estándares elevados. O coidado das zonas verdes, dos parques e do espazo público forma parte igualmente deste compromiso co benestar e coa saúde da cidadanía. Lugo conta cunha ampla rede de espazos verdes que se manteñen e se coidan como un servizo público esencial, contribuíndo á calidade de vida e á convivencia. Este esforzo esténdese tamén ao rural. As parroquias forman parte esencial do municipio e do proxecto de cidade e nas que se está a facer un esforzo constante é moi importante en materia de mantemento de servizos básicos, de espazos comunitarios. Un traballo discreto pero imprescindible que garante equilibrio territorial e igualdade na prestación dos servizos. En definitiva, uns servizos públicos sólidos, eficaces e próximos son a base da confianza da cidadanía e Lugo segue avanzando nesa dirección cunha

administración, obviamente mellorable, como todo, pero que funciona, que responde e que está ao servizo das persoas...perdón!, e xunto ao funcionamento do día a día. Lugo avanzou este ano en proxectos estratéxicos moi importantes que permitirán resolver desequilibrios históricos e preparar á cidade para a próxima década, porque diso se trata, de prepararse para estar listos para a vindeira década. A nosa aposta é clara: modernizar a zona norte na cidade con proxectos que non son illados, senón que responden a unha visión global de cidade máis conectada, máis cohesionada, mellor preparada para o desenvolvemento económico e social. Por iso, o Plan novo Norte que afectará á Avenida da Coruña, Milagrosa, barrio Feijóo, etc. na contorna, representa unha das grandes oportunidades de futuro para Lugo, un ámbito estratéxico chamado a xerar actividade económica, a ordenar o crecemento urbano e a crear novas oportunidades de emprego. Un proxecto pensado con visión a longo prazo, que marca unha nova etapa no desenvolvemento da cidade e que sitúa Lugo en condicións de competir dentro e fóra das nosas fronteiras e de atraer investimentos.

A transformación da Avenida da Coruña en bulevar e as actuacións do resto da contorna incluídas nesta estratexia, son proxectos chamados e ter un impacto decisivo. Non se trata só dunha mellora viaria, senón dunha intervención global que permitirá coser barrios, humanizar o espazo urbano e mellorar a calidade de vida da veciñanza, integrando mobilidade, seguridade e espazo público.

A conexión da estación intermodal coa zona alta e co casco histórico, permitirá superar un illamento histórico e integrar definitivamente estes ámbitos no conxunto da cidade, un paso fundamental para avanzar cara a un Lugo máis accesible, máis conectado internamente e mellor preparado para unha mobilidade moderna. Esta aposta complétase coa mellora dos grandes accesos e eixos da conexión. O desdoblamento da Avenida Infanta Elena, xa rematado, supón un cambio moi relevante na entrada norte da cidade e na conexión cos polígonos industriais e coa A-6, unha actuación que mellora a mobilidade, a seguridade viaria e a competitividade económica facilitando os desprazamentos diarios e reforzando a relación entre a cidade e o seu tecido produtivo.

Nesta mesma liña sitúase a mellora da Avenida Adolfo Suárez, unha actuación clave que se completa nesa zona cos traballos que se están levando a cabo na estación intermodal co paso de cidade e que poñerán fin ao illamento das Gándaras e do Sagrado Corazón reforzando a cohesión urbana e garantindo accesos máis seguros e eficientes, ó tempo que dotará a Lugo da entrada segura e digna polo norte que a cidade se merece. En conxunto, todas estas actuacións responden a unha mesma idea: construír un Lugo continuo, sen barreiras internas, no que os barrios, as áreas produtivas e os distintos ámbitos da cidade estean mellor conectados entre si. Unha cidade máis integrada, máis equilibrada e máis preparada para seguir medrando con orde e con oportunidades.

Por outra banda, a ninguén se lle escapa que a transformación do casco histórico está a ter un efecto claro e positivo na vida da cidade, é un feito innegable, a pesar das críticas, ás veces interesadas pero que respectamos, que hoxe dispoñemos dun centro que volve ser un espazo vivido, activo e dinámico no que as persoas recuperaron o protagonismo e no que o espazo público se converteu nun

lugar para estar, para compartir e para convivir. A nova configuración do casco histórico permitiu cambiar os usos e a maneira de relacionarse coa cidade, máis tempo de estancia, máis presenza de veciñanza e visitantes e unha vida urbana máis intensa son xa parte da realidade cotiá. O casco histórico incrementou o seu peso como verdadeiro corazón social da cidade, proceso que está a ter tamén unha tradución directa na actividade económica, o comercio de proximidade ou o comercio local atopan nun centro máis humano, un entorno favorable para desenvolverse, atraer clientela e xerar emprego. A actividade comercial xa se viu reforzada pola propia transformación urbana pero ademais a idea é poñer en marcha campañas específicas de dinamización que buscarán apoiar ó comercio local e reforzar a súa presenza no día a día da cidade.

O patrimonio, a cultura e a historia de Lugo forman parte esencial desta nova etapa. A Muralla, a Catedral, o Camiño e o conxunto histórico, conviven cunha programación cultural e cunha vida urbana activa que fan do casco histórico un espazo atractivo, tanto para quen vive na cidade, como para quen a visita. Neste último ano a posta en valor do Patrimonio tivo unha expresión moi clara na celebración do 25 aniversario da Muralla como Patrimonio da Humanidade, cunha programación ampla e diversa que levou a cultura ao espazo público e ao conxunto da cidade. Concertos como os de James Rodhes no auditorio Fuxan os Ventos, o 'flasmob' das escolas de danza de Lugo, as funcións multitudinarias de Maxia e Teatro na contorna da Muralla, o 'Día da bicicleta' e outras moitas actividades, converteron este universo nunha celebración compartida, aberta e participativa que, estou seguro, contribuíu a afondar aínda máis ese sentimento de orgullo de sermos lucenses. Falamos, en definitiva, dun casco histórico que volve ser motor de actividade económica, social e cultural, un espazo que xera encontros e oportunidades, que reforza a economía local e que contribúe a construír unha cidade máis viva, máis cohesiónada e orgullosa da súa identidade.

E logo, o noso rural. Temos a fortuna, pero tamén o reto, de termos un municipio cun rural extenso, diverso e complexo con 54 parroquias e as realidades moi distintas. Gobernar Lugo implica coñecer ese territorio, estar nel, actuar desde a verdade e honestidade, sen levantar falsas expectativas ou ofrecer promesas de difícil cumprimento, senón coa verdade e a realidade sempre por diante. No rural, máis que en ningún outro ámbito, a política mídese pola capacidade de dar respostas concretas ás necesidades do día a día da veciñanza. Ese compromiso concrétese no traballo constante que se realiza desde o Concello con medios propios, ás veces efectivamente escasos, pero que tratamos de optimizar e que ampliaremos no futuro e cunha presenza nas parroquias e cunha atención directa ás demandas que van xurdindo. Falamos de mantemento viario, mellora de accesos, bacheos, asfaltados, acondicionamento de firmes, arranxos en infraestruturas locais ou pequenas actuacións que permiten que o rural funcione mellor e con máis seguridade.

O mesmo que o alumando, alumado público. Nos últimos meses levouse a cabo a modernización de máis de 260 puntos de luz en máis de 30 parroquias, mellorando a visibilidade, a seguridade e o confort da veciñanza. Esta renovación supón ademais un importante aforro enerxético en torno ao 70%, facendo máis

sostible a prestación dun servizo básico e reforzando a calidade de vida dos veciños e veciñas. A todo isto súmase o investimento na súa totalidade do Plan da Deputación, os servizos pensados especificamente para dar resposta ás necesidades reais da veciñanza, como ese servizo municipal de recollida de plásticos agrícolas a demanda, totalmente gratuíto, unha solución práctica coa que mellora a xestión destes residuos e tamén as condicións sanitarias e ambientais no territorio. Este é un modelo de atención ao rural que defende este Goberno: presenza continua, medios propios, honestidade nas promesas, compromiso real coa xente, porque defender o rural non é unha acción puntual, nin unha foto, nin promesas infinitas, senón un traballo diario que garanta a igualdade de servizos, cohesión territorial e calidade de vida para todas e todos, vivan onde vivan.

Todo o que vimos redactando ao longo deste balance, ten un reflexo claro nos resultados globais da cidade. Lugo é hoxe unha cidade que xera oportunidades e que medra en poboación, un indicador, como sabemos, fundamental para medir a confianza no presente e no futuro dun territorio.

O ano pasado Lugo superou por primeira vez a barreira dos 100.000 habitantes. Un fito histórico na nosa evolución demográfica. Hoxe este feito está consolidado e a tendencia de crecemento segue á alza, de maneira que non falamos dun dato puntual nin circunstancial, senón dun cambio de tendencia que marca un antes e un despois na evolución da cidade. Este crecemento explícase polo conxunto das políticas que vimos describindo, unha cidade máis humana e habitable, un centro activo e uns barrios atendidos, con servizos públicos que funcionan cun proxecto urbano e económico coherente, pero tamén por unha aposta decidida pola captación e retención de talento e polo apoio ás persoas emprendedoras como peza clave para construír o futuro. E nese ámbito o CEI Nodus, o Viveiro de Empresas Municipal converteuse nun instrumento esencial. Na actualidade rexistra a ocupación máxima cun 26 iniciativas empresariais en diferentes fases de implantación. Un récord que pon de manifesto a súa capacidade para favorecer o emprendemento, xerar novas oportunidades de negocio e contribuír a que o talento quede na cidade ou chegue desde fóra. Desde a súa posta en marcha, máis de 130 empresas pasaron por estas instalacións prestando apoio a centos de emprendedores e xerando máis de 600 postos de traballo cunha taxa de supervivencia superior ao 75%, datos que avalan un modelo que funciona e que xera emprego real. Esta estratexia complétase co 'Fondo Municipal de investimento Lugo Transforma', unha ferramenta pensada para apoiar proxectos innovadores, diversificar o tecido produtivo e impulsar emprego de calidade. Ata o momento o Fondo leva investidos 4,36 millóns de euros, incorporado 12 empresas ao seu portfolio en sectores punteiros como a biotecnoloxía, a intelixencia artificial, a transformación dixital, a loxística ou aeronáutica.

As empresas, xa participadas, crearon postos de traballo directos en Lugo e continúan abrindo novas oportunidades nun modelo baseado na innovación, no crecemento e na colaboración público-privada. E xunto a isto Lugo está a impulsar novas iniciativas para apoiar o talento emerxente en sectores estratéxicos, un exemplo é o 'Turis Talent 5.0', a primeira aceleradora municipal de turismo e enogastronomía, pioneira en Galicia, que arrincou coa selección de 12 proxectos

innovadores. Un programa que acompaña ás persoas emprendedores desde a idea ata a súa consolidación empresarial, reforzando a competitividade dun sector clave para a cidade e xerando novas oportunidades de emprego cualificado. Todo este sistema de apoio ao emprendemento, investimento en innovación, acompañamento ao talento e a creación de emprego, explica tamén a capacidade de Lugo para atraer e reter poboación. Lugo é hoxe unha cidade na que se pode investir, emprender e desenvolver un proxecto vital con seguridade, con calidade de vida e con oportunidades reais, e iso debe enorgullecernos a todos. E non falamos de triunfalismos nin de metas definidas, senón dunha tendencia positiva que confirma que o camiño emprendido é o correcto.

Cando unha cidade aposta polo seu talento, coida o seu presente e xera oportunidades, é capaz tamén de construír o seu futuro, e en Lugo estamos a facelo con responsabilidade, con estabilidade e coa mirada posta no longo prazo.

E se falamos de turismo, patrimonio e identidade, Lugo é unha cidade cunha identidade clara e recoñecible, construída ao longo da súa historia e coidada desde o presente, baseada no patrimonio, na cultura e nunha maneira propia de vivir a cidade e hoxe tamén unha fonte de oportunidades e de proxección exterior. O noso patrimonio histórico e cultural é un dos nosos grandes valores. A Muralla, a Catedral, o conxunto histórico, o Camiño, forman parte da vida diaria da cidade e definen quen es somos. Non son elementos illados nin decorativos, senón espazos vivos que conviven cun centro activo e cunha cidade habitada. Xunto ao patrimonio a cultura e a actividade urbana, xoga un papel fundamental a programación cultural, os eventos e as iniciativas que dinamizan o espazo público contribúen a facer de Lugo unha cidade na que pasan cousas, atractiva para quen vive nela e tamén para quen a visita. Neste marco sitúase o Plan de Sostibilidade Turística co que estamos a impulsar actuacións concretas para reforzar un modelo turístico baseado na identidade, na calidade e na sostibilidade. Falamos de accións como a recuperación da Fábrica da Luz como espazo vencellado á enogastronomía e á experiencia turística, o apoio a novos proxectos e iniciativas do sector a través de ferramentas de acompañamento e profesionalización ou a creación de produtos e experiencias que poñen en valor o noso patrimonio gastronómico....**[interrómpese o sonido no minuto 31.15 segundos ata o minuto 32]**...aquilo que a fai única, así patrimonio, cultura e turismo convértese nunha peza máis dun proxecto de cidade coherente que xera oportunidades, que reforza a identidade colectiva e que mira ao futuro con confianza.

Ao longo deste ano demostramos ademais que este Goberno sabe gobernar con serenidade, con planificación e con capacidade de acordo. Nós cremos na colaboración institucional como método, pero cando as administracións cooperan, quen gaña é a veciñanza e por iso, por lealdade e por responsabilidade sempre tivemos a man tendida a calquera Administración que aporte proxectos beneficiosos para a cidade e así continuaremos facéndoo. Pero a lealdade institucional non pode ser un camiño de sentido único. Defender Lugo tamén significa dicir con claridade, cando unha administración, sexa da cor política que sexa, con competencias clave, non responde, non executa ou mantén proxectos estratéxicos bloqueados durante anos. Lugo merece o mesmo respecto e o mesmo nivel de compromiso que

calquera outra cidade, e niso ninguén o dubide seremos particularmente inflexibles. Un exemplo claro desta situación é o Museo da Romanización, un proxecto estratéxico para Lugo comprometido hai máis dunha década que segue paralizado e sen avances reais. Nas recentes celebracións do 25 aniversario da Muralla como Patrimonio da Humanidade, produciuse un clamor social evidente, espontáneo e compartido que deixou claro que a cidade xa no acepta máis atrasos nin máis escusas. Lugo non pode conformarse con partidas testemuñais, nin con anuncios que non se executan. Aquí fan falta vontade política, financiamento real e un calendario serio. E ímola esixir coa intención de sermos parte da solución, pero esixíremolo, non lles quepa dúbida, con toda a forza que sexa necesaria e diante de quen sexa.

Este abandono repítese noutros ámbitos fundamentais para a cidade, no barrio da Tinería e na súa contorna existen obxectos chamados a ser motores, de rexeneración social, económica e cultural que seguen avanzando a un ritmo desesperadamente lento. A recuperación destes espazos emblemáticos non pode seguir encallada por falta de decisión política cando o Concello xa fixo o seu traballo e amosou colaboración e dilixencia. O mesmo sucede co Plan Paradaí ou co barrio do Carme, onde o Concello está a impulsar a ordenación urbanística necesaria, pero resulta imposible avanzar con garantías mentres non se realicen estudos imprescindibles que son competencia autonómica. Sen ese paso previo, non hai seguridade xurídica, nin protección adecuada do patrimonio, nin futuro ordenado para un dos barrios con maior identidade histórica da cidade.

Tamén en materia de infraestruturas, Lugo sofre unha clara situación de desigualdade. Hai proxectos clave para o desenvolvemento económico e para a mobilidade que se repiten ano tras ano nos orzamentos pero que non se executan ou contan con dotacións claramente insuficientes. Anúncianse investimentos que logo non se chegan a realizar xerando frustración social e freando oportunidades de crecemento. E neses infraestruturas incluímos, como non podía ser doutra maneira, tamén e de forma destacada, a mellora dos servizos ferroviarios, especialmente preocupante, a situación en ámbitos que afectan directamente á vida das persoas.

O futuro da Escola de Enfermería non pode quedar atrapado no silencio institucional nin na falta de planificación. Lugo necesita garantías claras para manter unha infraestrutura formativa esencial para o sistema sanitario e para a propia cidade. Non pararemos ata dispoñer das garantías suficientes para a creación desa necesaria Facultade de Enfermería de Lugo. O mesmo ocorre coa ausencia de investimentos suficientes en equipamentos sanitarios e sociosanitarios, largamente demandados pola veciñanza.

En materia social a situación tampouco é allea a esta falta de compromiso. Ano tras ano o Concello vese obrigado a asumir competencias que non lle corresponden, destinando recursos propios para cubrir déficits que deberían ser atendidos dende a administración competente. Facémolo por responsabilidade, por compromiso coa xente, pero non podemos normalizar esta situación nin aceptala como inevitable, máxime cando vai en detrimento doutras dotacións e doutros servizos igualmente necesarios para os que se detrae financiamento, para podermos dar resposta a estas competencias impropias.

En definitiva, este Goberno seguirá actuando con lealdade institucional, coa man tendida e coa vontade sincera de colaborar, pero tamén seguirá defendendo Lugo con firmeza, reclamando investimentos reais, proxectos non executados e respecto institucional, porque Lugo non pide privilexios, pide igualdade, pide xustiza e pide feitos, e esa defensa da cidade é unha obriga irrenunciable deste Goberno.

Lugo ten por diante un reto tan apaixonante como esixente: seguir medrando sen perder a súa esencia, avanzar sen romper os equilibrios que nos fan unha cidade amable, humana e recoñecible. Por iso, sempre defendín que Lugo debe crecer cara a dentro e cara a fóra, ao mesmo tempo, cara a dentro, consolidando e revitalizando o que xa somos, e cara a fóra, abríndonos a novas oportunidades, a novas alianzas e a unha visión compartida do territorio. Este Goberno demostrou que ese modelo non é un eslogan, senón unha forma de xestionar, un modelo que da resultados, que se constrúe dende a cooperación, dende a suma e dende o diálogo permanente co maior número posible de institucións e axentes sociais, porque ningunha cidade avanza soa e menos aínda nun contexto tan complexo e competitivo como o actual.

Con esa convicción, quero anunciar hoxe dúas iniciativas estratéxicas chamadas a marcar o futuro de Lugo e da súa área de influencia nos vindeiros anos.

En primeiro lugar, encarguei aos servizos técnicos municipais que comecen a traballar nas bases para a creación dun consorcio do centro histórico de Lugo. Unha ferramenta amplamente contrastada noutras cidades que permite sumar esforzos entre as administracións, mobilizar recursos estables e acceder a vías de financiamento específicas para a conservación, rehabilitación e dinamización do patrimonio histórico e artístico. Un consorcio deste tipo facilita unha xestión integral do casco histórico, mellora a coordinación institucional, impulsa a rehabilitación de vivenda, favorece a actividade económica e cultural e reforza a identidade do centro como espazo vivo, habitado e con futuro. Lugo conta cun patrimonio excepcional único e debemos dotarnos dos instrumentos axeitados para coidalo, poñelo en valor e transmitirlo ás vindeiras xeracións.

A segunda iniciativa ten unha dimensión territorial máis ampla. Ao longo deste ano iniciarei unha rolda de contactos cos alcaldes e alcaldesas dos concellos limítrofes para explorar a creación dunha área metropolitana de Lugo, entendida como un espazo de cooperación voluntaria que permita planificar conxuntamente cuestións clave como a mobilidade, os servizos públicos, o desenvolvemento económico, o emprego ou a ordenación do territorio. As áreas metropolitanas son hoxe unha ferramenta fundamental para competir en igualdade de condicións no acceso a fondos europeos, optimizar recursos, evitar duplicidades e ofrecer mellores servizos á cidadanía, viva onde viva. Lugo exerce xa de capital funcional para milleiros de persoas que se desprazan diariamente desde a súa contorna e é lóxico avanzar cara a un modelo de gobernanza acorde con esta realidade. Falamos, en definitiva, de sumar capacidades, de pensar a cidade e o territorio en clave de futuro e de facelo desde a lealdade institucional e o respecto mutuo, porque cando Lugo lidera con xenerosidade, cando tende a man e propón proxectos compartidos, toda a comarca e toda a provincia avanza e nesa liña

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac5588497186885036139.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 29-12-2025 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

queremos colaborar. Chegados a este punto, e xa remato, e dende esta visión de futuro e esta maneira de gobernar, o balance que hoxe presentamos permítenos afirmar, con humildade pero tamén con total convicción e claridade, que Lugo está a avanzar con rumbo, con estabilidade e cun proxecto de cidade coherente.

Non foi un ano sinxelo, pero foi un ano no que este Goberno soubo asumir responsabilidades, tomar decisións e manter o compromiso coa cidade e coa súa veciñanza. Ao longo deste balance, falamos dun Lugo que planifica o seu crecemento, que aposta por un urbanismo xerador de oportunidades, que consolida o modelo de cidade máis humana e ecolóxico, que garante servizos públicos sólidos, que atende o rural, que coida o seu centro histórico, e que entende a súa relación co territorio dende a cooperación e a visión compartida. Non son políticas illadas, forman parte dun mesmo proxecto común e con proxección de futuro. Este proxecto sostense nunha maneira de gobernar baseada no traballo constante, na responsabilidade institucional e na cooperación. Hai Goberno, hai equipo e hai dirección. Un equipo que entende que gobernar non é facer ruído senón dar respostas, non é improvisar senón planificar, non é buscar titulares senón mellorar a vida da xente, e nesa liña pretendemos continuar.

E, para finalizar, non podía ser doutra maneira, quero expresar o meu agradecemento a todo o equipo de Goberno, ao persoal municipal e a todas e cada unha das persoas que dende diferentes ámbitos contribúen cada día a que Lugo funcione e o Concello faga o seu traballo. Este traballo é esencial para facer posible este proxecto de cidade. Lugo sabe quen é e sabe cara ónde vai e prepárase para o futuro e afronta ese futuro con confianza, porque coida o seu presente, porque mantén os seus valores e porque toma decisións pensando no longo prazo. Ese é o compromiso deste Goberno: seguir traballando con responsabilidade e coa xente no centro para que Lugo continúe avanzando e construindo o futuro. Moitas grazas.

E continuando coa orde do día, teñen a palabra os voceiros municipais por un tempo de 15 minutos. Entón ten en primeiro lugar a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rubén Arroxó. Cando queira.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Bo día. Grazas alcalde. O certo é que o 2025 tivo unha serie de acontecementos trágicos...perdón! Decía aquí que o certo é que o 2025 tivo unha serie de acontecementos trágicos que afectaron directamente a esta Corporación municipal, polo que primeiramente quero iniciar esta intervención lembrándome de Paula Alvarellos e de Pablo Permuy, falecidos este ano, falecementos trágicos que dende logo deixaron moita pegada e tamén da marcha por razóns de saúde de Felipe Rivas, que tamén tivo que abandonar este Pleno municipal. Dende logo poi foi un ano moi duro, que fixeron que tres persoas deixaran de pertencer non só a esta Corporación, senón tamén ao propio Goberno, cun forte impacto a nivel persoal, pero tamén cun impacto no que foi a xestión do propio Concello, polo que quero darlles unha lembranza agarimosa a todos eles. Pero malia todo, malia todos os momentos duros que se viviron durante este ano, este Goberno tirou para adiante e non parou, non parou nun ano no que se levaron adiante importantes proxectos nos que tamén houbo boas novas. Quixera resaltar primeiramente a boa nova, a confirmación por parte do Instituto Nacional de

Estatística da chegada a Lugo por primeira vez nos seus máis de 2000 anos de historia, aos 100.000 habitantes, malia que no padrón municipal esta cifra se acadou en xuño do ano 2024, o INE ten un retraso temporal unha vez que vai depurando os censos dos diferentes municipios e fixo que non o declarase oficial ata este mesmo ano 2025. Isto en todo caso é dende logo un síntoma de que o noso municipio medra, de que o noso municipio camiña cara adiante, e non só o vemos neste aspecto, non?, podemos ver cómo se supera tamén o umbral do récord de visitantes á cidade de Lugo nos últimos anos, o 2025 foi o ano con máis visitantes a nivel turístico, ou vémolos tamén con outros logros que veñen xa de camiño. Pero tamén o ano 2025 hai que lembrar que foi o ano do 25 aniversario da Muralla como Patrimonio da Humanidade, unha efeméride que vimos recentemente de festexar, pero tamén foi aniversario o 10 aniversario de que o Camiño Primitivo ou a Catedral foron declaradas tamén Patrimonio da Humanidade, facendo que Lugo sexa esa cidade dos tres patrimonios, quen sabe, agardemos que si, que algún día poida ter un cuarto. Máis indo a cuestións máis concretas deste 2025, quixera apuntar algunhas delas que considero moi destacables. Lugo segue protexendo aos seus entornos escolares, aos habitantes do presente e do futuro. Lembro como naquel 2019, cando fixeramos aquel anuncio do inicio do plan de calmado do tráfico nos entornos escolares coa creación de pasos de peóns elevados, algo que ademais xa tiña unha forte demanda, escoitabamos dende a bancada da oposición críticas porque eses pasos de peóns elevados o que ían facer era ralentizar o tráfico e producir máis atascos. Olo!-, naquel momento había quen consideraba máis importante que o tráfico fose máis rápido á seguridade dos escolares. O certo é que ese relato pouco durou, xa que inmediatamente todas as comunidades educativas empezaron a solicitar medidas de calmado do tráfico nos seus entornos, despois moitos colectivos veciñais, colectivos doutro tipo tamén nos seus diferentes barrios, e incluso se foron analizando cruces perigosos que había na cidade onde había atropelos reiterados, e tamén se levou adiante ese calmado mellorando hoxe en día Lugo pois é unha cidade máis segura pero sempre pensando no obxectivo, nese horizonte que poida ser o de atropelos 'cero' que dende logo non é doado pero sempre hai que camiñar cara aí. É máis, no que respecta aos entornos escolares, hoxe podemos falar dunha fase máis avanzada que é transformar o seu contorno para que dentro das posibilidades se poidan facer espazos moito máis seguros. Comezabamos hai algo máis de dous anos na rúa Gallego Tato, na contorna do Colexio Luis Pimentel, convertendo unha rúa pola que pasaban vehículos no acceso ao colexio, nun xardín. Antes os nenos saían a un espazo polo que circulaban coches, hoxe saen a un xardín. Neste 2025, avanzouse tamén nesa liña, é certo que non en todos os colexios se pode actuar da mesma maneira, pero seguiu avanzando. Un deles foi o do Colexio Rosalía de Castro, onde se conseguiu pois tamén facer unha plataforma de preferencia peonil mellorando tamén ese espazo para os nenos e nenas que cando saen das súas clases chegan a unha área totalmente segura. E para este 2026 empezarán intervencións deste tipo adaptándose ás rúas nas que están, o colexio da Anexa, o Colexio das Mercedes e o Colexio Illa Verde, demandas que fixeron as propias comunidades escolares e proxectos que están sendo consensuados con elas, así

que dende logo, van facer esa cidade máis amable que tanta xente quere. Escolares que ademais cada vez máis van a pé ó colexio. Isto é algo moi positivo, porque ademais eles mesmos empezan a considerar que debe ser así, logrando que un programa como o de vieiros escolares estea a dar un servizo que por unha banda permite a conciliación das familias, pero por outro anima a nenos e nenas a ir a pé. Moitas veces os nenos e nenas son os que teñen máis conciencia de que así debe ser e que se deben utilizar menos os vehículos por unha cuestión de ecoloxismo e por unha cuestión tamén de facer unha cidade máis amable. O programa ademais está moi ben acollido polas familias e ademais así nolo facían, así nolo transmitían nun pequeno acto que fixemos de recoñecemento aos usuarios hai poucas semanas. Neste 2025 Lugo tamén construíu o primeiro cemiterio publico de mascotas de Galicia, unha demanda que había dende hai moito tempo, porque para que a xente teña un lugar onde depositar os restos das súas mascotas, que foron compañeiros durante un período da súa vida, ter un lugar onde deixalos unha vez que morren. Un servizo que en breve estará xa a disposición do público e que dende logo pois hai moita xente a diario que pregunta xa cando se vai abrir.

Seguiuise tamén na liña de promover o mercado municipal, a Praza de Abastos, onde temos o produto de cercanía, o produto de calidade, sacándoo periodicamente a licitación os postos baleiros e ademais facendo campañas como a do 'Teu mercado, é un agasallo'. Este ano volveu bater todos os récords alcanzando o máximo reparto de agasallos que houbo neste momento o cal é un indicador directo dun incremento de compras nestes establecementos.

Hoxe en día persoas que seguen de preto axendas culturais de diferentes cidades miran para Lugo e así nolo fan saber. Lugo non destacaba por traer actuacións de masas, pero si por ter nunha axenda constante de todo tipo de gustos e ademais dunha gran calidade e que está facendo que funcione nos catro edificios culturais que temos agora mesmo na cidade. Porque este ano foi o que comezou a funcionar o auditorio 'Fuxan os Ventos', onde houbo dende congresos, galas e sobre todo ducias e ducias e ducias de actuacións, practicamente todas as semanas, quitando os meses de verán, houbo actuacións, e onde houbo algunhas que encheron dúas ou incluso tres veces a sala grande e onde por suposto, houbo unha importante presenza das entidades locais que están moi a gusto e que son quen máis están a solicitar e a usar.

No mes de outubro, Lugo volveu encher as súas rúas coas festas do San Froilán, as grandes festas do outono galego, que un ano máis volveron contar con actuacións para todos os gustos e todas as idades. Dende concertos, de todos os estilos, orquestras, pasarrúas, o San Froilán Miúdo e outro tipo de eventos que superaron xa as 200 actuacións e onde novamente máis de 70 agrupacións lucenses tiveron o seu protagonismo. Quixera pararme neste punto para lembrarme de María Millán, a muller de Vilagarcía que traxicamente faleceu tras o accidente que tivo lugar no desfile de gando. Un acontecemento trágico que foi sen dúbida un dos momentos tamén máis dolorosos deste ano 2025. As festas seguiron mentres agardabamos a súa recuperación, pois a cal como sabemos, non foi posible.

Outro punto que me gustaría destacar foi o do turismo. Lugo conseguiu, despois de moito tempo, desestacionalizar o seu turismo, malia que, como é obvio,

o número de visitantes é maior en tempada alta ou coincidindo cos grandes eventos que ten a cidade, podemos ver xente que vén coñecer a nosa cidade ao longo de todo o ano. Ademais vemos que por fin conseguimos que pernocten, xa que durante bastante tempo era habitual que pernoctasen noutras cidades e que se achegase a Lugo durante un tempo limitado. Polo tanto, isto é un gran avance. Ademais entendemos que se está a construír un turismo de calidade que vén a coñecer o noso valor cultural, patrimonial, que deixa diñeiro e que evita outros problemas. Ademais está a medrar dunha forma responsable co fin de obter a parte boa que ten o turismo e evitar tamén os problemas ligados que están a ter noutros lugares. E á vista está a apertura de novos hoteis nos últimos anos e algúns incluso algún bastante grande que está agora mesmo en proxecto. E toca poñer sobre a mesa intervencións de mellora do espazo público que continuaron levándose durante este ano, dende a finalización do Carril dos Loureiros e o Muro de Frei Plácido Rei Lemos que, tras a peonalización interior do barrio de Recatelo, dálle un cambio absoluto a un barrio que está a carón do centro da cidade, a case finalización xa da rotonda que une a Rolda de Fingoi con Magoi, que será a primeira doutras oito que van ir retirando semáforos pola cidade, dándolle máis fluidez ao tráfico, ou a xa mencionada transformación da rúa Cambria xunto á de Rof Codina, aparcadoiro de ROF Carballo, renovacións dos pavimentos en diferentes barrios e zonas periurbanas e polígonos, colocacións de novas marquesiñas, etcétera, etcétera, etcétera, apostando sempre polo coidado do espazo público.

Pero neste 2025 tamén se conseguiu rematar a tramitación para iniciar o proxecto piloto de taxi a demanda. Con isto podemos dicir que, á volta agora do Nadal, dúas parroquias terán este servizo como proba piloto, co obxectivo de que ao longo de 2026 poidamos ampliar e acabar este ano que vén pois cubrindo o transporte público ao 97% da poboación do municipio, co obxectivo de que xa no 2027 chegar ao 100% da poboación. Unha actuación que entendemos que é de xustiza porque ao final é darlle un servizo de transporte público a todos os veciños e veciñas de Lugo, independentemente de onde viven, algo que practicamente ningún municipio conseguiu ata día de hoxe. E falando de transporte público cabe mencionar que durante os últimos 24 meses houbo 22 que foron récord de usuarios do bus urbano, sendo eses meses os respectivos meses con máis viaxeiros de todo da historia. Obviamente isto fixo que o ano 2024 batese todos os records totais de viaxeiros. Este 2025 xa o bateu hai semanas e, polo tanto, cando cheguemos ao día 31 pois vai bater o récord moi amplamente. Pero malia isto, sabemos que o bus urbano ten problemas. Ten un contrato en vigor antigo, que non se axusta ás demandas de Lugo, a pesar de que esta aproveitando ao máximo do que se permite, un contrato que limita os seus quilómetros e que non permite dar máis liñas ou máis horarios a sitios nos que existe demanda e no que existen peticións. Ten problemas de que os pregos para recoller unhas cuestións técnicas que no seu día estaban actualizadas pero que quedaron totalmente atrás do que poidan ser as cuestións máis innovadoras que temos a día de hoxe pero...porque ademais non reflicten as demandas, sobre todo o que teñen as xeracións máis novas. E ante isto quero facer un anuncio que é o seguinte: Quero informar que non se vai levar

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac5588497186885036139.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 29-12-2025 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

adiante a prórroga de cinco anos -que comenzaría este mes de xuño- do contrato de transporte público, polo que unha vez que cheguemos ao mes de xuño o contrato quedará finalizado. Isto quere dicir que agora, no mes de xaneiro, iniciaremos os traballos para sacar a licitación o antes posible un novo prego para o bus urbano de Lugo, que permita ter máis quilómetros, que permita ter máis liñas e que así recolla moitas das propostas que xa temos, que xa viñeron chegando durante estes anos. E podería poñer moitos exemplos, pero zonas que son evidentes que hai que mellorar como as conexións de Lamas de Prado-Abella coa zona sur, unir o Cemiterio coa zona norte, mellorar a puntualidade de liñas coma cinco, ou as uns. Comezar con horarios previos, para poder achegar a moitos traballadores ós polígonos industriais, ou con horarios máis tardíos que permitan recoller tamén traballadores e traballadoras dos centros comerciais, etcétera, etcétera. Son moitas a listaxe de propostas que temos...que recibimos durante os últimos tempos e que poderemos levar a cabo cando teñamos agora un novo contrato.

Temos tamén que seguir mellorando as informacións dixitais con fórmulas máis acaídas, poder integrar as aplicacións en modelos máis modernos como Google Maps, Bing Maps, Open Street Maps, etcétera, ata facer máis simple e ademais tamén incrementar o número de pantallas dixitais que hai nas paradas. E a este respecto tamén anunciamos que se vai abrir un proceso de participación aberta para que calquera veciño ou calquera veciña poida achegar calquera tipo de suxestión previamente a facer o cálculo de quilometraxe de liñas que irán incorporados 'a posteriori' no prego para dende logo ter o mellor servizo de transporte público para a cidade. Estamos nun momento no que está a haber una demanda inmensa, estamos nun momento no que a xente está a apostar claramente polo transporte público e, polo tanto, é o momento tamén de facer as transformacións que a xente demanda. Coincide ademais no instante no que remata este contrato, polo tanto a oportunidade será única para que Lugo poida ter un transporte urbano dende logo vanguardista e á altura da cidade, do que merece a nosa cidade.

EXCMO. SR. ALCALDE: Pois moitas grazas, Rubén. Mais sobre todo por axustarte ao tempo tamén exactamente. E agora ten a palabra a voceira do Grupo Socialista, Ana González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Pois moitas grazas, señor alcalde, e bo día a todas e todos os compañeiros da Corporación.

Pois hoxe neste Pleno do Estado do Concello existe unha intención clara de falar con honestidade, con rigor e con respecto á cidadanía, porque Lugo non se explica con titulares interesados nin con relatos prefabricados. Lugo explícase co que sucede acotío nas rúas, nos barrios, nas parroquias e nos servizos públicos que chegan ás persoas. E a realidade é clara, este último ano, pese a toda a dureza que experimentou este grupo e este Goberno, foi un período de avances reais e medibles para Lugo, un ano no que a cidade consolidou un rumbo que non naceu da improvisación, senón dun proxecto definido dende hai tempo e reforzado coa

estabilidade deste Goberno, que sabe onde quere ir. Un proxecto que, lonxe de frearse ante as dificultades, soubo acelerarse. E non o dicimos nós por convicción política, dío o propio municipio, que hoxe ofrece máis oportunidades é máis visitado, ten máis servizos e máis calidade de vida que fai un ano. Dío a xente, cando pasea polo centro histórico, plenamente peonil, cando ve obras rematadas que levabamos tempo agardando, cando comproba que Lugo crece en poboación e en actividade económica, e dino tamén as persoas que veñen de fóra e recoñecen que Lugo está en boca de todos e de todas polos motivos correctos. E todo isto, mal que lles pese á oposición que parecen estar instalados nesa estratexia permanente de negación da evidencia, de desacreditar o traballo alleo e de proxectar unha imaxe de cidades estancada que non se corresponde coa realidade, é un relato interesado, evidentemente que non constrúe Lugo, senón que o empobrece e o subestima. Pero Lugo hoxe é un municipio mellor que fai un ano, e máis importante aínda, Lugo está preparado para ser aínda mellor dentro deses 12 meses, grazas a este traballo serio, constante e responsable que seguirá a facer este Goberno.

Crecemos en poboación, superamos xa os 102.000 habitantes, medramos sen emprego, melloramos en servizos públicos esenciais, avanzamos nun modelo de cidade máis humana, máis accesible, máis verde e mellor planificada, e Lugo consolídase como referente económico, social e cultural desta provincia grazas ao seu liderado e á súa ambición continua por mellorar. E como voceira do grupo municipal teño que trasladar o orgullo do traballo feito, pero sobre todo, e se me permiten, síntome orgullosa deste equipo que soubo sobrepoñerse a eses momentos extremadamente difíciles, ese Goberno que non se detivo ante situacións indesexables e moi dolorosas sufridas durante estes meses, nin sequera ante as prematuras perdas da alcaldesa Paula ou do compañeiro Pablo, así como, como comentaba o compañeiro do Bloque e outras persoas que por saúde tamén tiveron mermado ou se tiveron que ir da súa representación do Concello. Pero polo respecto que merece a súa pegada, fómonos repoñendo e adquirimos e seguimos con ese compromiso firme de seguir con paso adiante. Seguimos traballando arreo pola cidade, superando o impacto do humano, para cumprir co institucional ao que nos debemos e para o que fomos elixidas e elixidos. E fronte á adversidade este Goberno escolle responsabilidade, continuidade e compromiso e, dende logo, non é un camiño doado, porque tamén nos acompaña a un contexto de crispación política permanente, alimentada por quen confunde oposición con confrontación, crítica, con ruído e a fiscalización confúndea con desinformación e bulos. E esa actitude non suma, desgasta a convivencia e pouco a pouco a cidadanía entende, non merece ter ese tipo de representantes. E a isto tamén temos que engadir a evidente falla de colaboración mostrada polo Goberno autonómico e a súa capacidade de mirar para outro lado, simplemente por tratarse de Lugo. E, a pesar de todo, Lugo está hoxe nunha posición moito máis sólida, con capacidade de investimento, planificación e resposta, e este Goberno mantén un ritmo, prioriza no interese xeral e senta as bases dun Lugo de máis oportunidades, con responsabilidade, diálogo e cunha xestión rigorosa. E hoxe afirmamolo con convicción, que Lugo inicia 2026 cunha etapa de estabilidade, ambición e progreso, onde non pedimos permiso para

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac5588497186885036139.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 29-12-2025 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

crecer porque Lugo xa lidera, executa e planifica, e este avance reflíctese de maneira moi clara no ámbito urbanístico e económico que actúa como motor de transformación da cidade. Nos últimos meses culminamos a peonalización do 100% do centro, un fito histórico que devolveu este espazo á cidadanía, revitalizou a actividade comercial e converteu o corazón de Lugo nun lugar máis accesible, atractivo e vivo. Ao mesmo tempo logramos captar esos fondos decisivos para o proxecto Novo Norte, que é unha intervención integral que permitirá modernizar os barrios do norte da cidade, mellorar a súa mobilidade, a calidade do espazo público, nunha das zonas que concentran máis poboación e con maior potencial do noso municipio. Falamos dun proxecto estratéxico que marca o Lugo das próximas décadas e que é unha aposta clara deste Goberno, que foi, é, e será un compromiso irrenunciable para nós. Avanzamos tamén culminando cunha das actuacións máis simbólicas e demandadas, como foi a unión do río Rato co Miño, completando ese corredor verde único que conecta a natureza, saúde, lecer e mobilidade sostible, reforzando a identidade de Lugo como cidade verde e resiliente e poñendo en valor un dos nosos principais rasgos identitarios, que é o patrimonio natural. Ás veces parece que dende a outra bancada esquecen ou queren esquecer, que Lugo é a única capital de provincia que é reserva da biosfera, e esa é unha potencialidade na que todas e todos debemos afondar. Referente ao ámbito das infraestruturas, debemos tamén, ou demos pasos firmes na estación intermodal e no proxecto de mellora de toda a súa contorna de influencia, traballando para garantir esa conexión real dos barrios do Sagrado Corazón e As Gándaras co centro da cidade, poñendo por fin, fin a ese illamento ao que se vían sometidos debido á súa orografía. E tamén a mellora a cidade pola Fervedeira, cuxo proxecto que impulsou o alcalde, xa é unha realidade e cuxa obra comezará proximamente. E a isto súmase a expropiación tamén do colexio Sagrado Corazón para poñelo á disposición da Xunta de Galicia e facer realidade o tan demandado punto de atención primaria, demostrando de novo que este Concello actúa con responsabilidade incluso cando outras administracións non cumpren.

Avanzamos tamén na colaboración coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil para a recuperación de Fermín Rivera e para estender o paseo do Rato ata o seu nacemento, ampliando eses espazos naturais de calidade para a cidadanía. E quero destacar igualmente o desdoblamento de Infanta Elena coa posta en servizo da última fase estes días, o que é evidente que mellora notablemente a seguridade viaria, a fluidez de tráfico e a conexión cos polígonos industriais e as áreas comerciais, reforzando, como non pode ser doutra maneira, a competitividade económica deste municipio e desta cidade.

E despois da aprobación parcial do PXOM actual este executivo foi quen de iniciar un paquete de oito modificacións puntuais deseñadas para impulsar o desenvolvemento de bolsas de solo, aperturas de viais bloqueados e de preservación de espazos verdes que a cidadanía reclama. Estes cambios permitirán desbloquear ámbitos estratéxicos que ata agora vían limitada, por culpa de ordenación urbana e cortaba a súa actividade económica en zonas como os sectores entre Catasol e Sanxillao, onde a falla de claridade urbanística estaba dificultando a apertura de rúas e o desenvolvemento dunhas infraestruturas que a

cidade necesita. Tamén a xestión política no ámbito urbanístico, levada a cabo con impulso do alcalde, permitiunos recentemente dar unha solución á urbanización da Louzaneta, aportando así solucións a centos de veciños e veciñas que ao longo do 2026 verán como esta xestión municipal transfórmase en seguridade xurídica para as súas propiedades.

En canto ao ámbito da mobilidade, das comunicacións, seguimos avanzando co Ministerio para lograr esas boas conexións ferroviarias, preferentemente para conseguir a primeira hora da mañá esa conexión que é fundamental para as persoas traballadoras, para o estudantado e para as empresas. Creamos tamén novos servizos como a brigada Áxil, pensada para atender esas demandas urxentes e para mellorar a capacidade de resposta da Administración local, e fomos avanzando en todo este traballo.

Pero se hai un ámbito onde este Goberno demostra cada día o seu compromiso é no ámbito social. O Concello de Lugo realiza un investimento económico e humano brutal para paliar as carencias dun sistema autonómico que non chega onde debe, especialmente na atención ás persoas dependentes e ás persoas maiores. E facémolo porque cremos firmemente neses servizos públicos de calidade, porque sabemos que son a mellor garantía de igualdade e de cohesión social, e porque temos claro que Lugo non vai retroceder, Lugo avanza e faino grazas a este Goberno que está do lado das persoas que máis o necesitan. E non son discursos, falamos de partidas orzamentarias reais, de persoal e de recursos que existen. O Concello de Lugo está asumindo con fondos propios máis de 15 millóns de euros en competencias que non lle corresponden e que son da Xunta de Galicia, especialmente atendendo ás persoas dependentes, ás persoas maiores e aquelas familias con máis vulnerabilidade. Estamos a investir para garantir a axuda no fogar, a atención social de proximidade, os recursos comunitarios e aqueles que favorecen a conciliación e o acompañamento humano. E facémolo porque cremos firmemente que estes servizos públicos deben ser fortes e son a base da igualdade, porque sabemos que privatizalos os ou desmantelalos é retroceder en dereitos conquistados con moito esforzo. E mentres outros falan de eficiencia para xustificar recortes, este Goberno fala de persoas; mentres outros poñen escusas, nós respondamos e, si, señores do Partido Popular, mentres dende a súa bancada calan e miran para outro lado, nós damos solucións, porque unha cidade que abandoa ás persoas maiores, persoas en situación de dependencia ou á súa infancia é unha cidade que abandona o presente e, o que é peor, renuncia ao seu futuro. E sorprende, cando menos, que quen critica este esforzo sexa precisamente quen defende modelos que xa se demostraron non efectivos noutros lugares onde encarecen servizos e rompen a cohesión social. Por iso dicímolo alto e claro, que Lugo non vai retroceder en dereitos sociais, non vai obviar ás necesidades reais e aínda menos aceptar leccións de quen non asume as súas competencias e, sen ser, sinceramente, costa saber á realidade local á que se fai referencia dende a bancada Popular.

EXCMO. SR. ALCALDE: Grazas tamén. Señora Abelleira. Ten a palabra agora, quince minutos, o voceiro do Partido Popular, cando queira.

DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moi bo día a todos. En primer lugar eu tamén quería empezar a miña intervención neste debate tan importante para o Concello de Lugo, como un agradecemento primeiro ó grupo municipal, especialmente aos meus compañeiros, e ós traballadores por ese compromiso, por ese traballo rigoroso e por continuar cada día con máis ilusión se cabe para contribuír a construír un Lugo mellor, pero tamén ós traballadores municipais pola atención o respecto e o rigor co que nos tratan, tamén dende o punto de vista, se se me permite, afectivo por esa mirada amable que cando un traballa dende a oposición é tan necesario. Tamén quería...breve pero tamén sentido, ter un recordo para as persoas que non están. Sen dúbida o impacto emocional é a dor humana que marcou a perda de dous compañeiros por ser de xeito francamente, sorprendente a de quen ostentaba a alcaldía, Paula Alvarellos, en paz descanse, e tamén a marcha de Felipe, que era obrigada por razóns de saúde, invítanos a unha aprendizaxe da que temos que ser atentos e mellores, da fraxilidade da nosa existencia, pero tamén da inutilidade de moitos debates, de moitas discusións que nada aportan, que enredan e que simplemente nos quitan o marxe, o foco das verdadeiras prioridades. Este aprendizaxe tamén creo que o imos a ter en conta, e por suposto tamén deixará pegada neste propio debate. Tampouco quería esquecerme de María, fíxoo o voceiro do BNG, sorprendeume que nin o citara o señor alcalde. A verdade é que foi unha xestión deste terrible accidente que criticamos dende a oposición, dende o punto de vista político, por facelo sen transparencia, sen asumir ningunha responsabilidade política, e o máis triste, sen ningunha empatía, díxeno sempre e repítoño, e o que máis repetían é que había un seguro. A verdade é que acabamos de asistir a dúas intervencións totalmente distintas, a verdade moito máis pegada á realidade é a do Bloque Nacionalista Galego que, unha vez máis, nos veu a demostrar que cando rectifica, acerta e que pasarei a detallar un pouco máis en miúdo os seus anuncios. Pero si teño que recoñecer que o señor alcalde dixo unha verdade: Lugo neste momento está en boca de todos a nivel nacional, pero non precisamente pola súa xestión. Fai poucos días neste salón de plenos uníronse forzas entre o Bloque Nacionalista Galego e o grupo que eu represento para reprobar a un presidente dunha institución, que o propio Partido Socialista considera acosador, por ofrecer presuntamente traballo a cambio de sexo. E digo que este contexto tan triste do que nunca, a verdade, pensei formar parte, tennos tamén que facer un pouco reflexionar e nesta intervención centrar un pouco a razón de pola que estamos aquí, ou polo menos polo que está o Grupo Municipal do Partido Popular. Qué é realmente o que debe valorarse como xestión boa ou mala nun balance dun ano de cidade. Eu, sen dúbida, analizo tres aspectos: a calidade dos servizos públicos, que se xestionen dunha maneira eficiente os recursos -a maioría veñen dos petos, dos lucenses, que este exercicio ademais viron como se subían os seus impostos-, e tamén, como digo sempre, dos lucenses de mañá, hai dúas operacións de crédito contratadas e nada sabemos dos orzamentos, primeira circunstancia que afeo e paréceme inaceptable que se faga o debate do Estado da Cidade, incumprindo un dos mecanismos máis importantes que saber a folla de ruta do 26, o que permite facer

claro, evidentemente, anuncios alegres sen saber se teñen unha dotación orzamentaria, pero que se usen dunha maneira efectiva os recursos ten que ser un piar que debemos analizar para si, efectivamente, neste balance hai unha boa ou mala xestión e a última, non menos importante, neste escenario de corrupción, de escándalo e de, efectivamente, crispación, pero non polo grupo que lles fala, si esta institución é capaz de xerar credibilidade. Neste contexto é onde analizo as dúas intervencións e, sen dúbida, teño que empezar pola máis importante desta Administración: os funcionarios, é sen dúbida, moi elegante darlles as grazas, pero non deixa de ser un exercicio de hipocresía se, paralelamente, non se lle recoñecen os seus dereitos. Vimos de ver unha oferta de emprego público de 54 prazas e paralelamente a obrigación de caducar 61. Con ese exercicio 'caducar por non facer nada', foi un cuádruple engano aos propios traballadores que tiñan expectativa de ver ben dimensionado o seu traballo, e non foi así aos lucenses que tiñan a expectativa de ter un mellor servizo público e non foi así, aos opositores que tiñan unha academia contratada en moitos casos un esforzo e un traballo e, por suposto, a oposición, quedou caída a careta do mantra da Lei Montoro, que vai bo Montoro no que a xestión política se refire.

E outro exercicio de hipocresía política é sempre poñer deberes e despois non aplicalos nos servizos que gobernan. Paréceme absolutamente indecente que sigamos sen ter unha correcta dimensión en servizos tan importantes como unha escola infantil, que as traballadoras teñan que pedir permiso para necesidades fisiolóxicas ou para desfrutar duns dereitos como o son os seus asuntos propios, ou ter que agrupar aulas que, por certo, rasgan as vestiduras cando hai que agrupar aulas en concellos pequenos por falta de nenos e, sen embargo, nunha gardería que ten unha escola infantil que ten o tope de prazas, vense na obriga de unir aulas para poder cumprir as ratios, consellos sempre dan que para eles non teñen, pero é que os servizos evidentemente están mal dimensionados, non traballan con diálogo, esta oferta non tivo nin un só voto favorable dos representantes dos traballadores. Pero, nesta etapa e neste último ano, houbo tamén un caso de acoso, algo que nos parece de absoluta gravidade que, evidentemente, tratamos con total respecto, non fixemos ningunha valoración, pero unha vez resolto sorprendeunos enormemente que o señor alcalde cesará ó Comité de Acoso, enmarcado nun compromiso e abro comillas "de preservar a privacidade dos debates e actuacións do comité e de asegurar que o seu funcionamento sexa o máis efectivo, imparcial e rigoroso posible". E eu preguntolle, señor alcalde: Cesounos porque antes non o eran?. A verdade é que nos deixa nunha situación de bastante incerteza e pon, a verdade contra as cordas, eses membros que estou segura que fixeron o mellor traballo. Non só dixo cando os cesou, senón que cando nomeou os novos volveu a dicir que tiña que facelo para asegurar a imparcialidade e a rigorosidade. Dígoo eu invalida vostede o resultado dese proceso, ou é que non lle gustou e tivo que intentar ir a misa, tocar a campana?

Pero nos servizos públicos sen dúbida temos que entrar na parte privatizada, na que ten contrato, na que non o ten. O señor Arroxó dicíanos hoxe, por certo, contradicándose do que leva dicindo nas reunións por aí adiante, que non podía facer nada porque o servizo non remataba ata non sei qué ano, efectivamente,

onde hai papeis non pode haber ningún tipo de mentira porque evidentemente se contrasta, pero a realidade é que neses servizos privatizados tampouco velan polo que creo que debe ser máis importante, que é salvagardar os dereitos deses traballadores. Inspección de traballo e horas extras polas que non se pagan ou non se cotizan, uns condutores de buses que non teñen onde poder facer as súas necesidades fisiolóxicas, é o servizo que vostede consentiu, señor Arroxó. Eu xa sei que acaban vostedes de pagar, porque pagaron case un suspenso en este Plan e Mobilidade, o primeiro que certifica o fracaso do servizo público de bus. Certifícao, non chega a un 5,2% as persoas que van en transporte público, e claramente o documento que ustedes aprobaron, non o di o PP, di precisamente o que acaba de dicir, porque as liñas non están ben adaptadas, as frecuencias son insuficientes, os itinerarios non dan resposta especialmente cando un necesita ter unha mobilidade porque ten un traballo. Paréceme moi ben que agora replantee todo iso, pero eu dígolle unha cousa: sexa valente, non redacte uns pregos, préstee directamente. Vostede é un Goberno do Bloque Nacionalista Galego, sexa valente e faga as cousas como di que se deben facer noutros ámbitos.

Isto sen dúbida en 15 minutos, quedaríame moito tempo, pero teño que acordarme das traballadoras do SAF e teño que acordarme deses 34 servizos que se están prestando sen contrato, que demostran claramente unha mala xestión e sen dúbida, unha falta de control e que non podemos garantir que o uso eficiente dos recursos.

Realmente, como dicía, é impensable que hoxe esteamos aquí sen ter os orzamentos e o uso eficiente dos recursos nos plans que agora nos acaban de presentar, especialmente o Plan Novo Norte, ou ese documento que dicía que a verdade é que invito a todos os lucenses que o lean porque van quedar perplexos que é o Plan de mobilidade. Estamos nun contexto económico onde dilapidaron os remanentes de Tesourería, contrataron primeiro un préstamo de máis de 12 millóns de euros, un segundo de oito millóns e, agora, como non temos orzamentos pero enterámonos polos medios de comunicación que se dispoñen a contratar un terceiro, ademais da subida de impostos que, como saben, superou un esforzo para os lucenses de máis de catro millóns de euros. Neste contexto, co esforzo dos lucenses de hoxe e dos de mañá témoslles que pedir que no cometan os mesmos erros. Ningún dos dous nos falou do que van facer coas Caldas que seguen pechadas despois dun importante investimento. Si nos falaron, non no debate, pero si neste documento, qué pretenden facer noutra estrutura que está absolutamente infrautilizada, e tampouco o digo eu, dío o propio documento na páxina 50: O carril-bici que, por certo, na campaña anterior o señor Arroxó esforzábese comunicando que era unha decisión do Partido Socialista dicindo aquí nada teñen que ver, aquí agora xa non pode escudarse nisto, porque este plan, este documento ven firmado coa súa sinatura. Pois a pesar de que é unha infraestrutura que custou moito diñeiro, que vostedes recoñecen que está absolutamente infrautilizada, queren ampliála en 35 quilómetros máis. Os lucenses téñeno que saber porque lles vai impactar directamente na súa calidade de vida, porque a calidade de vida non se constrúe nunha páxina de publicidade e nun medio de comunicación, a calidade de vida constrúese con este piares que estou dicindo e que efectivamente, creo que

queda claro, que non están cumprindo. Eu pídolles algo encarecidamente, non cometan os mesmos erros na xestión dos fondos europeos que cometeron nos anteriores. Os lucenses xa saben que os fondos europeos non son gratuítos. Van ter que facer unha achega moi importante e credibilidade nas institucións, iso creo que é importantísimo máximo no contexto nacional, autonómico e por suposto, local. A credibilidade non se gana construíndo ou inventando relatos. Cántas veces nos prometeron e todos coñecemos a deficiencia que hai de instalacións deportivas? Cántas veces nos prometeron un novo pavillón; cuántos sitios ofertaron; cuántos anuncios houbo; cuántos proxectos encargaron. A realidade é 'cero', pero sen dúbida o que máis me doe é que digan que no casco histórico os protagonistas son as persoas. Se no casco histórico de hoxe, os peóns son os máis desprotexidos. A xente non sabe nin onde pode ir. A semana pasada unha señora maior cando a encontraba no casco, comentábame: pero qué zona peatonal máis bonita, evidentemente con gran ironía nos quedou. A verdade é que no momento a estampa era dantesca, coches por todos os lados, peóns que no sabían por onde tiñan que cruzar e, por suposto, unha enorme inseguridade, porque o señor Arroxo dixo: Quero ir os atropelos "cero", apláudollo e, por suposto, un bo reto pero dígolle poña aí debaixo tamén, como responsable de mobilidade: E caídas "cero". Porque se dá os datos de caídas nos cascos históricos pola convivencia das obras e, unha vez rematadas as obras, a verdade é que é preocupante. Pero á marxe, evidentemente, da seguridade, que é o primeiro, está a imaxe. Vostedes cren que despois de investir máis de 10 millóns de euros nunhas obras de peonalización a entrada para un dos parkings públicos pode continuar a día de hoxe como un folio A4 plastificado e atado a una farola cunha brida? Este é o modelo verde, ese é o modelo sostible. Esa é a imaxe que lle queren dar os millóns de turistas que chegan á nosa cidade? A verdade isto porque é absolutamente gráfico, porque está aí pódeno ver que é unha indicación moi importante porque ao final queremos menos emisións no casco histórico pero, sen embargo, empeñámonos en que os condutores se perdan nos itinerarios que vostedes marcan, porque á marxe dos pivotes, a que evidentemente algúns duraron menos de dous minutos e aquí queda proba gráfica delo, temos que ampararnos nas antiestéticas vallas que combinan e conviven coa decoración do Nadal, nesa imaxe que vostedes queren dar de cidade. Mire, non hai nada que lle guste máis á oposición que a cidade avance. Apláudollee a creación do consorcio. En maio do 23, fixamos a nosa presentación, pero tamén lle pido e fai escasos minutos tivemos o Consello de Administración de Evislusa e as institucións que crean déanlles contenido, déanlles orzamento. Home! A min paréceme pouco ambicioso, que vaian encargar un estudo, pensei que xa ía a anunciar a súa creación, pero, bueno, en todo caso é un paso e parécenos positivo, pero non pase o que acabamos de entre comillas "criticarlle de Evislusa", temos unha sociedade de emprego público e podería crear vivenda, podería axudar a rehabilitar, podería construír ese urbanismo que a cidade necesita, e non eses nove ou dez contratos menores que publicaron de présa e correndo con enorme improvisación, porque sen dúbida é a maneira que teñen vostedes de traballar para que se presentaran as ofertas en tres días, rematando o 24 de Nadal en aspectos absolutamente determinantes para o futuro da nosa cidade. A maioría das cousas

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac5588497186885036139.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 29-12-2025 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

positivas que vostedes enumeraron, e que nos alegramos enormemente, teñen detrás un traballo doutras institucións tamén, e aplaudo especialmente a creación de máis vivenda pública que se necesita. e que a cidade está neste momento no centro do investimento da entidade autonómica.

O señor alcalde, máis que no debate do Estado da Cidade estaba no debate do Estado da Autonomía, efectivamente, dedicoulle máis tempo a falar da Xunta de Galicia, e máis énfase que non a ilusión do seu propio proxecto.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Segunda quenda para o señor Arroxó. Cándido Queiras, Rubén.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas. Vou poñer aquí algún punto no que creo que non está suficientemente claro.

Quixera lembrarlle á señora Candia ou informarlle de cómo foi o proceso das liñas de transporte público. Puideron ser mellores, puideron ser peores. O certo é que había un tope de quilómetros que se usaron todos e para deseñalas pois houbo ao longo de 12 meses, seis xuntanzas dunha mesa de transportes con representación dos catro grupos que conformábamos a Corporación, onde todas as persoas que estivemos alí despois duns estudos técnicos que nos presentaron...houbo estudos técnicos de cáles eran as máis acaídas, fixéronse unhas certas correccións, modificacións, pero sempre faladas alí polos catro grupos que conformábamos a Corporación, que estábamos presentes na mesa. Efectivamente, en canto apareza a primeira crítica, houbo quen se decidiu poñerse do lado de fóra e poñerse como que non sabían absolutamente nada de qué iba isto. A ver, eu creo que, ademais, dígoos como consello, non son ninguén para dar consellos pero se queren cóllamp e senón déixeno, creo que hai que ser certamente rigorosos coas cousas. Pódense facer políticas sendo rigorosos, non hai que facer política simplemente con demagogia. E hai unha cuestión que saíu agora que é importante, iso de que ademais hoxe atreveuse a dicir aquí publicamente, pero compañeiros e compañeiras súas van por aí dicíndolles aos veciños cando é falso, como cousas como que en Fontiñas se vai eliminar unha fila de estacionamento para poñer alí un carril bici, porque aparecen no Plan de Mobilidade. O Plan de Mobilidade fala precisamente de que nas Fontiñas se pode utilizar a mediana para uso ciclista, ademais recoméndao dándolle prioridade aos peóns e que se poden desprazar por aí. Tamén fala de que se pode utilizar a Avenida de Madrid, o carril dereito da avenida de Madrid, como zona de...cómo existe xa na rolda unha zona de convivencia ciclista de preferencia ciclista, como xa existe na Rolda da Muralla, como existe en Ramón Ferreiro. Son propostas que traslada ese Plan de Mobilidade. Non se vai suprimir unha fila de vehículos de estacionamento nas Fontiñas para un carril bici. Iso garántollo, iso non se vai facer, espero que nunca. Despois eu si que quero poñer de relieve certas cuestións, creo que tamén as corporacións, este non é, non o dixeran antes, este non é un debate do Estado de Política Xeral do Parlamento Galego, pero si que as corporacións municipais, non só os gobernos, deben reclamar, porque as cuestións que dependen doutras institucións son importantes para tamén a propia cidade, e debemos reclamar que

se rematen as melloras ferroviarias, vital, que se rematen as autovías, vital, que se rematen as rehabilitacións de edificios que neste caso son competencia tamén da Xunta de Galicia, como por exemplo a Tinería, que ten edificios como o Pazo de Dona Urraca, que é chamativo o Pazo de Dona Urraca ou a Casa Torre, que son tan simbólicos e que no ano 2008 tiñan xa un proxecto e que houbo que indemnizar ás proxeccionistas para que non se fixese e agora mesmo segue en estado de ruína ou o que é un clamor social como é o Cuartel de San Fernando. Ben, neste tempo, que nesta época de Nadal onde moitas persoas achegan a Lugo, persoas que tiveron que emigrar hai uns anos, que viven todo o ano fóra, pero que no Nadal veñen a Lugo a xuntarse cos seus pois visitan a nosa cidade, é habitual que te atopes con esa xente, que charles un rato e unha das primeiras cousas que che din é como mellorou Lugo dende a última vez que estiven, que normalmente son 12 meses, e chámalles moito a atención, é algo que che din xa no primeiro minuto de conversa: 'Cómo mellorou Lugo dende a última vez que estiven'. Creio que é un medidor significativo que tamén debemos ter en conta. Eu agardo que poidamos seguir facendo este traballo. Agora ven un 2026 moi ambicioso no que hai moitos proxectos, e agardo que poidamos seguir este traballo para que dentro dun ano a xente que se achega poida volver dicir iso de 'cómo mellorou Lugo dende a última vez que estiven'.

E finalizo xa a miña intervención neste Pleno queréndolle agradecer a todas as persoas que fan posible este traballo. Quero agradecerllo a todos os membros do Goberno municipal, quérollo agradecer a todo o persoal municipal, quérollelo agradecer a todas as persoas externas que traballan tamén en todo o que se está a executar, e a todos os colectivos e veciños e veciñas, en xeral, que achegan as súas propostas, que colaboran, que fan que se dinamice esta cidade dende diferentes formas, porque ao final Lugo é unha cidade de todas e todos, estámola a construír e mover entre todas e todos. Moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Turno para a señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas. Pois si, señora Candia, pode propoñer como palabra propia a súa, da señora Candia, e enlamar intencionadamente porque estase convertendo na súa especialidade preferida. Pero ben, sinceramente, como remataba antes, custa saber a qué realidade local fai referencia, señora Candia. Fala de escolas infantís, do SAF, de vivenda. Oiga, recórdolle que esas son competencias da Xunta que estamos asumindo como competencias impropias no Concello, porque xa llo expliquei, son servizos esenciais e, por certo, cá foi o investimento entón, tan importante, que fixo a Xunta cara a Lugo. Non entendo, señora Candia, qué intereses lle moven a vostede a utilizar ese discurso ou esa intervención; que é para tapar a deixadez da Xunta, pretendendo facer culpable ó Goberno de Lugo, coma sempre, ou...é que non? De verdade, é que non o entendo. O seu discurso baseouse en competencias impropias que está asumindo o Concello e que lle da garantía deses servizos á cidadanía. Pero ben, ó mellor é que a súa puntual e teledirixida presenza nesta cidade non lle permite percibir o que calquera veciño ou veciña comproba a diario

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac5588497186885036139.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 29-12-2025 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

paseando polas rúas de Lugo. Mire, quen non se detén en serio, quen escoita con comenencia, como o fai en moitos casos, e quen non vive, a cidade dificilmente pode facer ese diagnóstico axustado e serio do funcionamento deste municipio. E, señora Candia, é que parece que fala de Lugo como de fóra, pero gobernar élle mirar aos ollos á veciñanza e de verdade, despois do seu discurso descoñezo ou sospeito con esas palabras que vostede acaba de facer, a súa verdadeira intención, porque, de verdade, eu creo que non está sendo ben ou que non ten o compromiso axeitado para o que di. O que si lle podo garantir é que este Goberno municipal ten un compromiso firme coa cidadanía. Estamos presentes, atendemos as demandas reais e damos respostas con feitos. Outros modelos de facer política como as que vostede vén vender aquí, como ben sabe, seguen camiños moi distintos e Lugo non quere nin precisa desas políticas, Lugo precisa líderes ou lideresas á altura das circunstancias, capaces de sumar, de propoñer e de defender un municipio e unha cidade por encima ou por enriba dos intereses partidistas. Precisa dunha oposición, evidentemente, pero leal coa cidade, sobre todo coa veciñanza, pero utilizando a verdade, porque negar a transformación de Lugo, o cambio que está a vivir, desprézo e vostede despreza continuamente todos os avances de Lugo, só evidencia a incapacidade de quen non sabe explicar que é esta cidade, nin sabe propoñer a cidade que pretende ou que queremos. E dende esta bancada imos seguir traballando con serenidade, firmeza e con convicción, porque este proxecto de cidade non se constrúe dende o ruído, senón dende o traballo diario, dende a responsabilidade e dende o compromiso real coa veciñanza. Fronte ao traballo do Goberno comprometido qué atopamos pola súa banda?, xa o acaban de demostrar, unha oposición que non só non recoñece, recoñece nada, senón que se dedica practicamente toda a súa acción política a desprestixiar, a sementar dúbidas e a crear alarma social. E vímolos agora mesmo, pero durante todos estes meses nos distintos plenos con afirmacións absolutamente irresponsables, como dicir que non se podía beber auga do grifo da traída de Lugo. Unha grave mentira que ademais xerou unha preocupación innecesaria e que houbo que desmentir ese bulo para que a cidadanía estivese tranquila. E non foi unha anécdota, non, foi unha mostra máis dunha forma de facer política baseada no medo e no ruído. E vostedes chegaron incluso a afirmar que un membro deste Goberno pagaba facturas falsas, que se ía multar á veciñanza porque os contadores da auga ían deixar de ser válidos en outubro, e que as obras do centro non eran unha peonalización, senón un cambio de pavimento. Incluso respaldando aos que pretenden desprestixiar esta cidade, este municipio diante doutras administracións só co obxectivo de acadar rédito político. De feito é que critican absolutamente todo, tamén o proxecto de mobilidade, xa o acaba de dicir, onde as persoas ganen espazos, melloran en transporte, e simplemente é por contraposición, sen maior reflexión, sen contido. Semella que de verdade que lles gusta, están cómodos nesa confrontación. En lugar de atoparnos cunha posición propositiva, encontramos confrontación continua, e incluso instrumentalizan aos que directamente descualifican sen argumentos. Inverosiblemente non hai moitos días chegaron vostedes a plantexar disparates como que se aproveitara a construción dunha senda peonil nunha parroquia de Lugo para facer a canalización de abastecemento que non vai a ningures e que

posiblemente non sirva esa...é que o máis triste é que non o fan por mellorar, senón que o fan para trasladar ou vender á veciñanza, que este Goberno non o fai porque non lle dá a gana. É que non son serios, señora Candia. E esta práctica, por desgraza, coñecémola ben, a mesma oposición que durante estes meses, ante a falla alarmante de propostas, tenta continuamente apropiarse dos proxectos municipais. A mesma oposición que promete o que sabe que non pode cumprir nin é executable; a mesma que percorre parroquias prometendo investimentos imposibles, xogando coas expectativas da veciñanza, nun exercicio de cinismo político difícil de explicar. Non é serio gobernar co todo vale, señora Candia, non é serio repartir promesas como se fosen proxectos electorais sabendo que non se poden cumprir. E iso non é liderar a oposición, iso é irresponsabilidade. E Lugo non precisa ese tipo de política, precisa, como lle dicía, persoas á altura das circunstancias, capaces de sumar, de propoñer e de defender a cidade por riba dos seus intereses partidistas. E señores e señoras concelleiras do Partido Popular, o seu traballo como oposición non só é necesario, é imprescindible en democracia, pero sempre que se realice con responsabilidade, rigor e lealdade institucional. O que non é admisible é substituír o debate político polas sospeita permanente, a crítica sen fundamento e a manipulación interesada da realidade. Cando se renuncia a ese diálogo e á procura honesta de solucións para instalarse no ruído e na desinformación, non se dana só ó Goberno, dánase a Lugo e á súa cidadanía. Pero rematando xa, sigan instalados nese ruído, proxectando esa imaxe de cidade gris que pretenden que a verdade é que só existe nas súas notas de prensa. Pero se a súa intención é erosionar a confianza das institucións, sementar dúbidas infundadas e crear alarmas artificiais conducindo unicamente á confrontación e ó descrédito da política, pois vostedes verán. O Lugo non necesita ese ruído nin trincheiras, e o que de verdade necesita son propostas e compromiso, e sobre todo altura de miras. E hoxe, máis que nunca faltan gobernos con persoas que entendemos a política como servizo público e non como un instrumento para dividir, e que o progreso desta cidade só se acadará desde a honestidade, a responsabilidade e o respecto, e sobre todo o respecto á intelixencia da veciñanza, porque Lugo, máis que a negación constante da evidencia, merece una oposición á altura do seu futuro, e a política do medo é o refuxio de quen non ten propostas. A súa capacidade é incapacidade para entender a transformación de Lugo e negar que Lugo avanza non fai que a cidade se deteña, só demostra que vostedes quedan atrás, rezagados, mentres este Goberno seguira inaugurando o futuro que este Lugo demanda e merece.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, rematou o seu tempo, señora Abelleira. Última quenda para a señora Candia. Cando queira.

DONA MARÍA ELENA LÓPEZ CANDIA: Ben, eu sinceramente, señor Arroxó, agradezo moitísimo a súa intervención neste debate do Estado da Cidade. Confirmar que o servizo de transporte público de bus urbano necesita un cambio de timón, é unha realidade que lle vimos dicindo moitísimos anos. Mágoa que despois do tempo que leva con responsabilidade de Goberno, pois só queira aproveitar

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac5588497186885036139.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 29-12-2025 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

deses oito anos pois o último ano. Mágoa, porque evidentemente tiña mecanismos para corrixir eses itinerarios e tiña mecanismos para melloralo, pero cando rectifican, acertan, e nós sinceramente llo agradecemos. Tamén lle agradezo que confirme que Fontiñas vai ter un carril bici, e agradézolle que o faga neste debate do Estado da Cidade porque negouno moitas veces. Vostede o outro día no debate da ordenanza de zona de baixas emisións, intentando separar o Plan de mobilidade da ordenanza, dicíalle ao meu compañeiro Cabarcos: O Plan xa está aprobado, non o traían a este debate. Efectivamente, porque gañar credibilidade, xestionar de maneira eficiente os recursos públicos, os recursos e fortalecer os servizos, xunto a iso está a dicirlles a verdade á xente. E sobre o carril bici vosoutros dixestes moitísimas mentiras, entón como agora hai un documento, como dicía vostede dunha maneira clara, aprobado, agora os lucenses teñen que saber que vostedes queren construír, a pesar de ser unha infraestrutura infrautilizada, 35 quilómetros máis. Iso é importante dicirlle a verdade á xente. Dito isto, a verdade é que resulta moi difícil ter argumentos para xustificar, por exemplo, que coidan aos traballadores, e xa non fago ningunha valoración obxectiva eu creo que traer datos que matan os relatos é traer mostras gráficas **[amosa fotos]**. Estas son as instalacións municipais onde hai traballadores, non son goteiras, vese claramente o o ceo a través deste buratísimo que teñen, que chove polo material e por eles mesmos, este é o estado no que coidan vostedes aos traballadores, non hai ningunha mentira. Acérquense por alí e falen con persoas que levan trinta anos ou vinte e moitos cunha vocación de servizo público, que ven como absolutamente están desmantelando os servizos optando...home, se vostede lle dedicou máis flores á brigada que a todo o persoal municipal, dedicoulle máis minutos, porque vostede cre niso, nesas persoas que obedecen a tapar un bache que vostede é un alcalde dunha cidade de 100.000 habitantes. Uso eficiente dos recursos, os préstamos, eu xa tiña moita sospeita e agardo que en breve teremos a explicación con papeis, como sempre facemos, sobre esa previsión de incremento de ingresos que había en sancións, especialmente vinculándoo á zona de baixas emisións, e ese non deixa de ser outro imposto, outro imposto escondido, pero francamente leonino, que prexudica aos negocios, que persigue realmente ás persoas que queren vir á nosa cidade nese Plan de mobilidade, que prevén 29 millóns de investimento, nin un só euro para crear un aparcamento, e os que están creados?, non os deixan poñer en funcionamento. Para cando vai permitir que se abra o aparcadoiro construído e rematado na avenida de Breogán. É que acaso a Xunta só lles interesa para pedir e, cando o fai, son incapaces de que a cidadanía disfrute dese investimento? Mire, destinan vostedes máis diñeiro a decorar para o Nadal algunha instalación municipal que lle dan de asignación todo o ano á asociación que coida ós nosos enfermos de esclerosis múltiple. Por exemplo, 2500 á asociación, 2552 para decorar de Nadal algunha instalación..insultante!, e a iso me refiro no que hai que apretar no da eficiencia dos recursos.

Mire, aquí evidentemente estamos para traballar e para mellorar, e vostede, señor alcalde, foi alcalde á terceira, despois dunha desgraza, pero foino cando xa non era ningunha opción, porque vostede dimitiu, ou dimitírono, iso nunca tivemos moi claro, pero estaba claro que non era unha opción. Sabemos incluso que hai quen

defendía que esa dimisión non debería interpretarse á marcha da señora Méndez, senón que debería de manterse a respectarse durante toda a lexislatura. Vostede fixo valer os seus dereitos, nós respectámolo, e voulle dicir ou recordar mellor dito, un dato. Tivo a oposición máis colaboradora e máis construtiva. Nin presentamos alternativa cando vostede saíu elixido alcalde. E ao día seguinte pedimos unha reunión para traballar codo con codo nos proxectos importantes para a cidade, nin unha liña para a praia fluvial dedicou vostede no seu discurso inicial. Agardo que o anuncie na segunda, era un deles. Ou nin unha liña para protectora. Páguenlle a 'Michos', aínda están pendentes da cantidade que lle corresponde, que gastaron, e que están, ademais, necesitándoua urxentemente para non tirar por terra o traballo de moitos anos. Foi de maneira sincera e honesta e vostede estaba máis preocupado de que non nos sacaran unha foto ó remate da reunión, que do contido da mesma. Por iso lle falamos coa mesma honestidade. Sabemos que foi a menos, e tamén é un dato matemático. Empezou con 13 membros no Goberno e hoxe son 12. Sabemos que terá as súas dificultades, e ben sabe que nosoutros nos problemas internos nunca nos metemos, que cada un amañamos os nosos cando nos tocan pero, indudablemente, a trazabilidade dos nosos actos é transparente, e con vostede, sen dúbida, cando arrancou, tivo unha posición máis honesta, colaboradora, e aí voume permitir un atrevemento, unha licenza, probablemente máis que algún dos membros do seu equipo, non a aproveitou, despregouna e ademais actuou con soberbia. E díxenllelo a todos no Consello de Administración esta mañá: Á oposición hai que respectala, non porque os seus dereitos estean blindados na Constitución Española, no artigo 23, senón porque mañá poden ser vostedes, e detrás teñen a moitos lucenses que apoiaron e permitiron que hoxe aquí teñamos 12, vostedes 8 e vostedes 5, que suman 13?, respectado, e aquí estamos para colaborar, e como colaboramos? Pois mire, o modelo da nosa cidade facémola evidentemente dende a oposición. Esta semana escoitabamos...a semana pasada...a licitación do desdoblamento do corredor, apostando polas infraestruturas, co inicio das obras do Anxo Carro, unha instalación deportiva propiedade da Xunta de Galicia. Obras nas dúas residencias máis importantes, nas Gándaras e na Milagrosa. Obras na residencia, no centro de saúde da Milagrosa. Van cheos de dicir que o iamos pechar reorientando a todo o mundo para o CIS, por certo, barrio que está francamente bonito, esa si é unha transformación de verdade, non as que prometen vostedes. Aposta por un centro pioneiro de saúde mental, cunha cantidade nos orzamentos de 4,7 millóns de euros para Esperante que, vostede, polo capricho de non levarlle o abastecemento, non quere impulsar, a pesar de que lle ofrecemos incrementar a porcentaxe por si iso derivaba dun problema económico. A aposta pola posta en valor e rehabilitación da Igrexa de Esperante, a Vivenda, un investimento importantísimo e necesario para a nosa cidade; A rehabilitación da Tinería, parece que non lle informou os socios do Goberno, estivo alí, aplaudiulle á conselleira. Ou non se falan ou non teñen a mesma opinión. Investimento nos nosos centros educativos, o IES Muralla Romana, ou o CEIP das Mercedes, moi necesitados de investimento, pero non se enganen moitos dos investimentos que se necesitan é porque durante todo o ano o mantemento, que é competencia súa, gústelle ou non, está na Lei de bases, eu non

a fixen brilla pola súa ausencia, por suposto, apostando por eventos turísticos de nivel, como circuítos deportivos que van cheos de criticar, dicindo que se tivese ese diñeiro diñeiro ía facer non sei cántas cousas. Díciallo, e pídollo outra vez máis, permita que se abra o aparcadoiro na avenida de Breogán. Este Plan de mobilidade di claramente que por unhas políticas desacertadas o vehículo privado segue sendo o medio de transporte que máis utilizan os lucenses pero superando o 60%, necesitan onde aparcar eses vehículos cando hai un construído, xa non digo que colaboren no de Fontiñas, que intentárase facer a pesar de vostedes, pero o que está feito, polo menos, poñan todo da súa parte para que sexa unha realidade. Por suposto queremos contribuír tamén nas pequenas cousas, a apertura dos aparcadoiros en Ollos Grandes, o Lucus Augusti, o comedor de Fingoi II, que agardamos que sobre o 14 de xaneiro poida ter a instalación alí en marcha para que vostedes dean o servizo, como prometeron, a ampliación da asociación, precisamente a que citei antes, de esclerose múltiple, intentando, intermediando que concesión de locais gratuítos poidan prestar mellor o servizo.

Ben, evidentemente vostede dixo que Lugo era unha cidade máis conectada. Eu espero que na segunda quenda nos dea certezas sobre a chegada da alta velocidade, sobre a recuperación das frecuencias que dunha maneira inxustificada nos suprimiron, sobre esa conexión con Ourense, sobre o remate da autovía con Santiago, porque iso indubidablemente é decisión de gobernos da súa mesma cor política. Que esperamos que sexa un alcalde evidentemente que exerza o seu liderazgo e, por suposto, para construír terános ó lado, para traballar as 24 horas do día, se é necesario, Lugo mereceo e, dende logo, temos un apoio que así nolo esixe pero, por favor, deixe de facerlle oposición á oposición, non é digno dun alcalde dunha cidade de máis de 100.000 habitantes.

EXMO. SR. ALCALDE: Pois moitas grazas, señora Candia. Eu teño que comezar dicíndolle que lamento sinceramente que a líder da oposición que se di con aspiracións a ser algún día alcaldesa, e en realidade o que quere ser algún día é presidenta da Deputación, dedique o 99,9% do seu tempo de réplica, a falar da miña persoa, punto un, dicen que é importante sobre todo para os políticos, que falen dun aínda que sexa mal, eu non o comparto, pero dedicouse a falar de min, e sobre todo, o máis preocupante, a defender a actuación da Xunta de Galiza. Facéndose a abanderada da defensa da Xunta de Galicia. Eu creo que a veces, nesa ambición que creo ten de ser conselleira da Xunta eu creo que o subconsciente a traizoa. Mire, vostede non é a máis indicada nin para defender aquí as actuacións da Xunta de Galicia con respecto ao Lugo, nese agravio permanente ao que nós supón e eu creo que fun da miña intervención bastante comedido e bastante respectuoso, creo que citei unha sóa vez á Xunta de Galicia, polo seu nome, pero mire falaríalle deses 15 millóns de euros de competencias impropias, falaríalle da Tinería, do Museo da Romanización, da Ronda Leste, da conexión cos polígonos ca Fervedoira, coa A6, co canon da auga, de investimentos en deporte, en infraestruturas, en vivenda, do Plan Paradai, dese vergoñento investimento que fixeron no aparcadoiro da avenida Breogán, que hoxe o estrearon e o executaron como quixeron sen contar con ninguén, de tal maneira que agora

non é posible aceptalo por máis interés, é dicir, de todo eses incumprimentos históricos da Xunta de Galicia con respecto a Lugo e vostede é a menos indicada para falar diso. Ten que, dunha vez por todas, esa esa bicefalia que demostra pois aclararse se quere aspirar a estar no Concello de Lugo, se quere defender aquí á Xunta de Galicia, aos seus intereses, que moitas veces, colisionan cos intereses de Lugo, e moito menos, señora Candia, moito menos...eu cando vostede fala, escóitooa sempre con moita atención, no me poño a falar co resto, sempre a escoito, encantaríame que fixera o mesmo. Vostede non pode falar aquí de crispación eh!, créame, vostede, neste Concello e nesta cidade, non pode vir aquí lamentándose e laiándose da crispación, non o faga porque vostede non lle interesa. E, mire, escoitándoa, parece que realmente estamos falando de dúas realidades ou de dúas cidades moi diferentes que non se parecen absolutamente en nada. A verdade é que nese afán que sempre ten, nesa campaña electoral permanente na que está instalada desde que chegou aquí, e nese afán por desprestixiar en todos os casos, e en calquera situación, a este Concello, pois non nos sorprenden, non, pero lamentámolo en todo caso, porque, mire, é verdade que a oposición ten un labor moi importante, moi respectable e que valoramos, que é fiscalizar a acción de goberno, que é criticar todo aquilo que debe ser criticado. Pero mire, por intereses estratéxicos, partidistas ou electorais, trasladar, como fai vostede sistematicamente, unha imaxe irreal, inxusta, e profundamente negativa desta cidade, pois non lle é de recibo, non lle é de recibo, porque fai moitísimo daño á proxección e á percepción desta cidade, e encima non é verdade. Vostede, a través das súas intervencións e dos folios que nos presentou e demais, no está falando dunha cidade que non existe, dunha realidade que non existe, un Concello ou unha cidade gris, estancada, sen músculo, insegura, sucia, atrasada, sen oportunidades na que ninguén con dous dedos de fronte lle gustaría vivir, ninguén. Y Lugo non é así. O Lugo real non lle así por moito que vostede trate de trasladalo. Lugo é moi diferente, e primeiro, a visión que teñen todos os visitantes non é...non trasladan iso, nin moito menos, pero despois é unha cidade que avanza, unha cidade que se moderniza, unha cidade que ten futuro, que medra en poboación, como xa dixemos, que ten un urbanismo que permite medrar, que dá seguridade xurídica, que crea condicións para modernizarse. Un Concello que, xa se dixo tamén, adica unha parte moi importante dos seus orzamentos a políticas sociais para axudar a aquelas persoas máis desfavorecidas; que lle preocupa a vivenda e sen ter unha competencia nós, senón tamén da Xunta de Galicia, que presentamos un Plan municipal de vivenda pioneiro en Galicia que imos levar a cabo; que crea un entorno natural, ecolóxico e verde, habitable, que permite vivir, traballar, comerciar, emprender e, en definitiva, posibilita que a xente poida facer aquí o seu proxecto de vida e reter talento, que é un dos nosos obxectivos, cuns servizos públicos dod que apenas falou, nos podemos sentir moi orgullosos: A limpeza, as zonas verdes, o alumado, o transporte, o plan Áxil para facer precisamente máis doado e máis fácil a vida das persoas. Un centro histórico, diga o que diga, remodelado, onde se ve cada vez máis xente que se relaciona doutra maneira, hai unha ocupación do espazo diferente a raíz desas obras, máis actividade comercial e, en fin, unha cidade que non é que vostede pinta, uns barrios para os que temos grandes

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac5588497186885036139.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 29-12-2025 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

proxectos, como hoxe con ese Novo Norte, por exemplo. Un turismo puxante que calquera que teña ollos na cara veí que vai a maiores e que ademais é un turismo que estamos potenciando sostible, respectuoso coa vida dos veciños e das veciñas. Unha cidade que crea emprego e dá oportunidades laborais. En fin, unha cidade que progresa, que mellora, que avanza, que é fácil vivir, que é cómoda, que ten necesidades, evidentemente, pero para iso estamos aquí e para iso debemos estar todos os que temos a responsabilidade de gobernar e os que están na oposición e teñen capacidade de apoiarnos ou colaborar con nós á hora de esixir a outras administracións coas que se supón teñen algún tipo de influencia, para que, xa non que nos axuden fronte a outras cidades, que cumpran cos seus compromisos, simplemente cos seus compromisos históricos, como o Museo, como a Tinería. Mire, en definitiva, eu creo que aquí hai claramente dúas visións da cidade: Unha, catastrofista, unha cidade gris, sen proxecto, sen futuro, que é a que vostede defende; e outra un Lugo ambicioso, un Lugo de oportunidades, de feitos, non de promesas, de feitos e sobre todo de ilusión. E nós, desde logo, asegúrolle que nos quedamos con esa segunda, con esa segunda opción e traballamos nese sentido. E bueno, o de leal oposición, ímolo deixar para outra ocasión teremos ocasión de debatilo seguramente en máis ocasións.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a o Excmo. Sr. alcalde dá por rematada a sesión, ás doce horas e vine e seiss minutos do expresado día vinte e nove de decembro de dous mil vinte e cinco, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ao Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno, dou fe.